



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP CANOSA-RUS

CEIP CANOSA-RUS. A Braña S/N
Erbecedo-Coristanco (ACORUÑA)
Tfno:881880382 Tfno 2: 881880381
E-mail:ceip.canosa.rus@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcanosa-rus>

Estimadas familias:

Estase a achegar o Entroido e, aínda que este ano non poderemos facer o que viña sendo habitual, queríamos pedir a vosa colaboración para facer posible que siga a ser un día especial.

O **venres 12 de febreiro** grabaremos un **Lip Dup** con todo o alumnado do centro facendo unha homenaxe a algunhas das profesións que máis presentes estiveron e seguen a estar nesta pandemia. Por iso, se vos é posible, gustaríanos que os alumnos e alumnas viñeran, ese día, disfrazados do seguinte xeito:

- **3 anos:** policías e bombeiros.
- **4 anos:** sanitarios.
- **5 anos:** científicos.
- **1º EP:** persoal de limpeza
- **2º EP:** traballadores de supermercado
- **3º EP:** repartidores.
- **4º A EP:** persoal dos Informativos.
- **4º B EP:** anciáns e traballadores de residencias.
- **5º EP:** persoal de educación.
- **6º EP:** xente da rúa.

O **Lip Dup** gravarase a primeira hora e a intención é que ao final do día poidades velo no blog de *Leoteca*.

A causa da COVID, este ano decidimos non facer os xa tradicionais mandatos do MECO, evitando así que os complementos que nos pedía poidan andar pasando de man en man. Loxicamente tampouco haberá pasarrúas nin degustación dos doces típicos de festa que vós aportabades, pero no comedor farase un menú especial de entroido que incluírá tamén unha sobremesa típica.

Levaranse a cabo durante a mañá unha serie de xogos para festexar esta data da mellor maneira posible e sempre tendo en conta as medidas de seguridade.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo.

O equipo docente do CEIP Canosa-Rus.